



Día das Letras Galegas 2009

Ramón Piñeiro

A lingua galega presenta unha especial adaptabilidade á lírica polas súas aptitudes para a expresión dos matices da intimidade grazas á riqueza do léxico afectivo, aos recursos para a expresión subxectiva, á súa extraordinaria musicalidade pola abundancia de vogais e ditongos.

A primeira manifestación escrita da saudade atopámola no sufrimento da amiga ante a ausencia do seu amado e no amor non correspondido da *senhor*.



Na tradición oral, a creación cultural é colectiva: os cancioneros populares... Na escrita é individual, máis complexa e innovadora. Unha cultura para chegar ao seu máximo logro debe ascender do colectivo ao individual. Para Ramón Piñeiro unha figura encarna na historia de Galicia esa conquista: Rosalía de Castro.

Algúns din: miña terra!
Din outros: meu cariño!
I este: miñas lembranzas!
I aquel: os meus amigos!
Todos sospiran, todos,
por algún ben perdido.
Eu só non digo nada;
eu só nunca suspiro,
que o meu corpo de terra
e o meu cansado espírito,
a dondequer que eu vaia
Van comigo

A saudade é un atributo da existencia humana. Sentea como unha anguria necesaria. Ser home é sufrir e non podemos querer non ser homes. Necesitamos, pois, do sufrimento e levar un cravo cravado no corazón... xa que unha vez arrincado: "seica, seica tiven soidades daquela pena" A pena é esencial á vida. Sen ela non seríamos conscientes de cando non a sentimos e, polo tanto, somos felices.

No estilo Ramón Piñeiro prefire a sinxeleza para que prevaleza a pura emoción, por iso un dos seus poetas máis lidos é Luís Pimentel quen para el é o paradigma do seu modelo de poesía: nel non hai máis adorno que o xusto e indispensable, o resto é todo emoción.

Punteiros de gaita
Acompañábano.
O pai, de negro;
no mar, unha vela
branca.

Os amiguiños levábano.
Non pesaba nada

Abaixo, o mar;
o camiño do aire
da mañá.
El ía de camisa
limpa
e zoquiñas brancas.

Os amiguiños levábano.
Non pesaba nada.

De Xosé Luís Franco Grande salientaba a súa capacidade de expresar a soidade máis radical que, como xa vimos, é un requisito indispensable para sentir saudade.

Ás veces entro en min
por ver se atopo aquilo meu que eu son
e sempre vexo que non dou comigo e
que son eu quen se me vai das mans.
E sempre volvo a procurarme a min
e nunca vou parar alí onde eu son
aquilo que é máis meu
que debo ser eu...
Ás veces penso que xa estou comigo,
cáseque no meu eido,
e despois vexo que aínda falta máis,
máis ala, un pouco máis...
Eu vou metido en min
coma quen garda o único que ten
e esguizo os velos que non deixan ver
o eido onde eu atobo e onde eu son.
Quén dera estar tan só
que un xa non fora máis que aquilo que é;
quén dera estar así
e ser aquilo que non son aínda...!
A min deixaime así: perdido en min,
esquencido,
sen eido,
sen ninguén!
Xosé Luís Franco Grande
(De *entre o si e o non*, 1967)